

Ollada na poesía

Antonio Pombar

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

POMBAR, ANTONIO (2012 [1983]). “Ollada na poesía”. *Nordés*: 12 (II Data), 33. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1844>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

POMBAR, ANTONIO (1983). “Ollada na poesía”. *Nordés*: 12 (II Data), 33.

* Edición dispoñíbel desde o 22 de febreiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

OLLADA NA POESÍA

Por ANTONIO POMBAR

Un novo libro de Xulio L. Valcárcel (1), escoe abondoso na tersura da xoven poesía galega e abre, no solpor, a ferida dos seus versos. Un libro é unha paixón, un deber de glorias e naufraxios, un desafío. O poeta entrega breve resprandor —a quién?—, no rumor xordo, cando non hostil, do río da vida - por qué?

Iste poeta, que asegún propia confesión, medrou ollando «despavorido o mundo», ten a anguria chantada no ser. Il tenciona, na vocación poética, liberarse polo arte difícil das imaxens fermosas e das combinacións irracionais, da scedade. Constrúe o seu mundo sin misterio, atento á destrucción —«xurden víboras dos teus ollos»—, á negación —«Que o vento da noite cegue os campos abertos da nenez»—, á esterilidade —«desán-grome nesta soedade transparencia»—.

E si espallamos os versos deste libro apaixonado, acharemos as constantes do seu canto: Refugamento do lado craro, da banda lumiosa que no poeta existe; sensibilidade dorida; desespranza. Cada un ergue os seus heraldos ao seu xeito, asegún os ollos misteriosos que velan a necesidade interna creadora - «máscara atroz que xira desprendida de sí».

Si hai que opoñer algunha chata a iste inquedaute libro, cecáis sexa o excesivo abondamento de verbas, torrenteira, fraga mesta, que somentes a paixón comanda. Talvez a verba sexa, coma sempre, a verdadeira liberdade do ser. No último poema do libro, o Valcárcel danos a clave do seu pensamento; pois é decisivo que na verba ache a ordeación necesaria que salve ao home da inanidade e da morte:

*«Ordeo o caos apóiome no verbo meiga a palabra
e a súa proxección de infindas muxicas incendiadas».*

Mas o problema que ten o Valcárcel é o sometimento da verba a idea poética que alenta no seu verso. Ou sexa, a estilización axustada da súa poesía.

(1) X. L. Valcárcel: «Alba de auga sonámbula», Edición «Celta», Lugo, 1983.